

## INSTRUCCIÓN PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES PROPOSTAS DA MATERIA DE INGLÉS – 5º DE PRIMARIA

SEMANA 23/03/20 – 27/03/20

**IMPORTANTE ANTES DE COMEZAR A TRABALLAR!** Todas as actividades débense realizar no caderno de inglés, **non fai falta imprimir nada**.

Ante calquera dúbida de vocabulario, acordádevos de **consultar** o seguinte dicionario en liña: <https://www.wordreference.com/>

Haberá exercicios que conteñan preguntas e, por tanto, atoparedes palabras que descoñecedes. Como sempre vos digo en clase, **antes de deixar unha pregunta sen contestar, buscade o significado de cada palabra que non saibades**. Iso axudaravos a comprender o sentido da pregunta e, polo tanto, a ser capaces de facela. **Lembrede que é mellor intentar facelo que non facer nada**, pois os que deixades de practicar e perdedes esa oportunidade sodes vós.

**Sodes perfectamente capaces e con esforzo todo se consegue!** 😊

Como observaredes, as tarefas desta semana se reparten en dous arquivos: un que contén catro páxinas con exercicios e outro que contén unha plantilla para que creedes un “Job advertisement”. Vou explicar todo neste documento para que saibades como facer os exercicios.

Ademais das fichas, veredes que adxuntei un documento titulado “**Answers**”, o cal inclúe as respostas para corrixir unha vez as actividades estean rematadas. É importante e recomendable **revisar todo o feito antes de corrixir** para darse conta dos posibles erros. Haberá actividades que non aparezan neste documento, pois son de resposta libre.

- **Ficha 1: Jobs worksheet.**

Escribirei os enunciados en inglés, tal e como aparecen no documento, coa súa explicación en galego ó lado.

- ❖ **Worksheet 13.**

- *Look at the pictures. What are the jobs?* Escribir o número ó lado do nome da profesión segundo as imaxes.
- *Write a sentence for each picture.* Escribir unha frase para cada profesión que aparece nas imaxes tal e como se mostra no exemplo.
- *What’s my job?* Ler a descrición da profesión e escribir a que credes que é.

- ❖ **Worksheet 14.**

- *Write the number.* Coma no primeiro exercicio da anterior “Worksheet”, relacionar o número coa profesión que se mostra nas imaxes.
- *Practise with a partner.* Esta é unha actividade **oral** que podedes facer en familia. Observando as imaxes e as diferentes profesións, facer preguntas ou responder seguindo os exemplos que se mostran. Podedes tamén engadir profesións diferentes as dadas nas imaxes.
- *Write some sentences about the people in your life.* Escribir tres frases sobre a xente da túa contorna (familiares) e as súas profesións. Recorda facer **frases con sentido**, seguindo a estrutura: *subject + verb + complement*. Por exemplo: *My mum is a doctor. She works in a hospital.*

#### ❖ **Worksheet 15.**

- *Write the job.* Ler a descrición e escribir o nome da profesión.
- *Write short answers.* Responder ás preguntas con frases curtas pero ben escritas e con sentido.

#### ❖ **Worksheet 16.**

Ler os dous “Job advertisement” e logo facer os exercicios de comprensión.

- *Circle true or false.* Ler os enunciados e rodear segundo sexa “true” (verdadeiro) ou “false” (falso).
- *Write the answer.* Contestar as preguntas con frases curtas pero ben escritas e con sentido.

#### ● **Ficha 2: Job advertisement.**

Nesta actividade tendes que copiar no voso caderno o que observades na ficha, co seu correspondente espazo para escribir e debuxar. **Facédeo nunha páxina nova**, pois ten que ocupar todo a páxina.

Seguindo os “Job advertisement” da “Worksheet 16”, tendes que crear o voso propio anuncio. Imaxinade que nun zoo precisan dun “Zookeeper”. Como escribiriades o anuncio e que incluíriades? Seguindo o que vos pide en cada apartado, debuxade e escribide o que consideredes.

Mans á obra!